

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

- 13758** *Real decreto 1041/2013, do 27 de decembro, polo que se modifica o Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo, e se introducen outras disposicións en relación cos impostos especiais de fabricación e o imposto sobre o valor da produción da enerxía eléctrica.*

#### I

A Lei 15/2012, do 27 de decembro, de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética, ten como un dos seus obxectivos harmonizar o noso sistema fiscal cun uso máis eficiente e respectuoso co ambiente e a sustentabilidade, e adopta, entre outras medidas, a creación dun imposto sobre o valor da produción da enerxía eléctrica e a modificación do tratamento fiscal de diferentes produtos enerxéticos contidos na Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.

Pola súa parte, a Lei 16/2013, do 29 de outubro, pola que se establecen determinadas medidas en materia de fiscalidade ambiental e se adoptan outras medidas tributarias e financeiras, tamén introduciu recentemente modificacións na mencionada Lei 38/1992, que afectan a fiscalidade dos hidrocarburos, o imposto sobre a electricidade, así como o imposto especial sobre determinados medios de transporte.

Todo isto fai necesario desenvolver e adaptar o Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo, conforme os cambios lexislativos introducidos pola normativa citada, conforme se expón a continuación.

#### II

O artigo 28 da Lei 15/2012, do 27 de decembro, de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética, modificou a Lei 38/1992, introducindo a regulación dun tipo positivo ao gas natural destinado a usos distintos aos de carburante, a supresión de determinadas exencións e a configuración como suxeito pasivo, en calidade de substituto do contribuínte, daqueles comercializadores de gas natural que realicen as subministracións deste produto no marco dun contrato de subministración a título oneroso. Así mesmo, coa finalidade de manter a competitividade do sector industrial, a citada lei estableceu un tipo reducido para o gas natural destinado a usos con fins profesionais sempre e cando non se utilizase en procesos de xeración e coxeración eléctrica.

En virtude deste precepto, modifícase o Regulamento dos impostos especiais co obxecto de adecuar determinados artigos á nova regulación de tipos impositivos reducidos que se estableceu en relación cos diferentes usos do gas natural, en especial, coas subministracións de gas natural efectuadas a centrais de coxeración de electricidade e enerxía térmica útil, o que, ademais, supón o establecemento de determinadas obrigacións tanto para os suxeitos pasivos como para os consumidores finais, que se introducen neste real decreto. Adicionalmente, na disposición transitoria primeira, régúlase unha regularización provisional que efectuarán os subministradores de gas natural, en relación coas subministracións efectuadas ás ditas centrais.

Paralelamente, introdúcese un novo artigo 141 e unha disposición transitoria segunda no citado regulamento co obxecto de adoptar idéntico mecanismo ao establecido para o gas natural destinado a usos profesionais en materia do imposto especial sobre o carbón.

Por outra parte, a recente introdución de tipos impositivos aplicables aos biocarburos e biocombustibles de contía idéntica aos que soporta o carburante ou combustible fósil co cal resultan mesturados exige modificar determinados artigos do Regulamento dos impostos especiais, ademais de suprimir a regulación do depósito fiscal

loxístico, isto con obxecto de axustar a normativa regulamentaria á nova fiscalidade dos ditos biocarburentes e biocombustibles.

Este real decreto, ademais, incorpora outras modificacións de diverso calado co propósito de simplificar ou flexibilizar determinadas disposicións do Regulamento dos impostos especiais e, así, facilitar a súa aplicación. Entre elas, cabe destacar as modificacións introducidas en relación coas garantías que deben presentar os obrigados tributarios, fíxanse os importes destas garantías de forma máis harmonizada e en correlación con situacións que poden ser consideradas similares, ben polos niveis de exixencia aos operadores ben polos tipos de establecementos; nas subministracións de carburante no marco das relacións internacionais, elimínase a necesidade de que o beneficiario sexa titular da conta corrente en que se ingresa a devolución; suprímese a obriga formal da consignación da contía das cotas repercutidas con aplicación do tipo autonómico no imposto sobre hidrocarburos; elimínase a obriga de utilizar un documento administrativo electrónico para amparar a circulación de produtos de tarifa 2.<sup>a</sup> do imposto sobre hidrocarburos que non se utilizan como combustible ou carburante; facilítanse as operacións no procedemento de vendas a distancia; permítese comunicar a indispoñibilidade do sistema informático recorrendo a sistemas automáticos e auditaes da dita indispoñibilidade; establécense determinadas particularidades en relación cos cambios de destino na circulación interna amparada no sistema informático EMCS; suprímese a obriga de utilizar o código asignado polo centro xestor aos elaborados do tabaco, por non resultar eficaz impor códigos que alteren a operativa habitual dos establecementos, e regúlanse os requisitos para aplicar a exención parcial no imposto sobre a electricidade para os supostos regulados no número 3 do artigo 64 quinto da lei.

Considérase tamén oportuno clarificar determinadas obrigacións de contabilización e, así, precísase a obriga de rexistro de calquera circunstancia que teña incidencia sobre os produtos obxecto de impostos especiais, tendo en conta que a contabilidade regulamentaria se configura como un dos elementos básicos na xestión e control destes impostos e que, en consecuencia, debe reflectir, en todo caso, a realidade dos produtos nos establecementos e os seus movementos; así mesmo, recóllense determinados aspectos sobre a xestión da contabilidade mediante un sistema contable en soporte informático, sen prexuízo de que a oficina xestora poida autorizar, por solicitude dos interesados, a utilización de libros foliados levados de forma manual.

Por outro lado, en relación coa xestión de determinadas exencións e devolucións do imposto sobre hidrocarburos e para un maior control dos avituallamentos exentos a embarcacións, establécese a obriga de que os subministradores dos hidrocarburos presenten a información relativa a cada unha das subministracións efectuadas durante o trimestre con exención do imposto sobre hidrocarburos; no artigo 109, prevese que nas devolucións por uso distinto ao de carburante e combustible sexa a oficina xestora correspondente ao establecemento onde se utilizaron os produtos a que tramite as solicitudes e dispoña se procede o pagamento das cotas que hai que devolver.

Ademais, dada a singularidade que comporta a actuación das cooperativas agroalimentarias ante os seus socios, actuando aquelas como retalistas e estes como consumidores finais, facúltase a oficina xestora para que poida autorizar condicións particulares de utilización dos medios de pagamento entre as ditas cooperativas e os seus socios para efectos de aplicación do tipo impositivo reducido recollido na epígrafe 1.4 do artigo 50.1 da Lei de impostos especiais.

Así mesmo, aprovéitase para corrixir determinadas referencias normativas, suprimíndoas nos casos en que resultaban innecesarias tras a desaparición do tipo impositivo cero aplicable aos biocarburentes e biocombustibles ou referíndoas ás normas debidas cando, como consecuencia de anteriores modificacións do texto regulamentario ou da lei, se alterou a numeración das normas a que aludían.

III

Por outra parte, o Real decreto 1715/2012, do 28 de decembro, polo que se modifica o Regulamento dos impostos especiais, establece a obrigatoriedade da utilización do

documento administrativo electrónico para a circulación de produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación con orixe e destino ou ámbito territorial interno que circulen en réxime suspensivo, con aplicación dunha exención ou dun tipo reducido. A data fixada para que estas circulacións deban estar amparadas nun documento administrativo electrónico é o 1 de xullo de 2013.

Non obstante, a carga administrativa que supuxo para os obrigados tributarios adecuar os seus sistemas informáticos aos novos modelos de xestión tributaria aprobados ao longo do ano 2013 reduciu o prazo temporal que os operadores económicos puideron dedicar a adaptar as súas aplicacións informáticas de xestión e contabilidade ao novo documento administrativo electrónico e, por outra parte, o considerable número de circulacións que deben ser amparadas por un procedemento electrónico non suficientemente probado aconsellan pospor a obrigatoriedade do uso deste sistema informático de circulación para garantir un satisfactorio funcionamento deste sistema de circulación no momento da súa utilización obrigatoria. Por isto, mediante este real decreto modifícase a disposición transitoria primeira do Real decreto 1715/2012 para dotar os operadores dunha transición gradual ao novo sistema e a Administración tributaria da garantía dun efectivo control das circulacións.

No mesmo sentido, modifícase a disposición transitoria segunda do Real decreto 1715/2012 para permitir aos operadores transitar con comodidade dunha contabilidade en soporte documental a uns rexistros de carácter electrónico; así, amplíase o prazo até o 31 de decembro de 2013 por resultar insuficiente o anteriormente fixado para o 1 de xullo de 2013.

Adicionalmente, a disposición derradeira terceira da citada a Lei 15/2012 habilita o Goberno para que dite as disposicións regulamentarias precisas para seu desenvolvemento e aplicación. En virtude desta habilitación, introdúcese unha disposición adicional que recolle a obriga de subministración de información que teña incidencia no imposto sobre o valor da produción da enerxía eléctrica, por parte de terceiras persoas.

#### IV

Finalmente, xunto coa modificación dos números 6 e 7 do Regulamento dos impostos especiais introdúcese unha disposición derradeira que modifica o Real decreto 3485/2000, do 29 de decembro, sobre franquías e exencións en réxime diplomático, consular e de organismos internacionais, e de modificación do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, para corrixir as referencias que os ditos preceptos facían exclusivamente a litros como unidade de medida dos carburantes.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de decembro de 2013,

#### DISPOÑO:

**Artigo 1.** *Modificación do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo:

Un. A letra d) do número 2, a letra c) do número 6 e o número 7 do artigo 5 quedan redactados da seguinte forma:

d) O importe do carburante adquirido deberase cargar nunha conta corrente aberta en calquera entidade de crédito, indicada polo beneficiario»

«c) Cantidade total de cada clase de carburante, expresada en litros ou quilogramos, adquirida mediante a utilización da tarxeta, até o máximo mensual autorizado, e importe total debido no trimestre.

As entidades emisoras de tarxetas serán responsables da correspondencia entre os datos contidos nas ditas relacións e os que se deducen dos medios de pagamento utilizados.»

«7. A oficina xestora acordará, se for o caso, a devolución das cotas polo imposto sobre hidrocarburos correspondentes á cantidade de carburante adquirida, sen exceder o máximo autorizado, ordenando o pagamento do importe que haxa que devolver á entidade emisora das tarxetas. Para a determinación da cota que hai que devolver aplicaranse os tipos impositivos que estiveron vixentes durante o trimestre para cada un dos carburantes; se houber modificación dos tipos, aplicarase o tipo medio ponderado polos días de vixencia de cada un deles. Se a entidade emisora das tarxetas for suxeito pasivo do imposto sobre hidrocarburos, a oficina xestora, por petición da entidade, poderá autorizar que a devolución se realice mediante a minoración da cota correspondente ao período impositivo en que se acorde a devolución.

A entidade emisora das tarxetas aboará a cada beneficiario o importe das cotas devoltas, non máis tarde da data en que lle practique a primeira liquidación, consignando expresamente a cantidade correspondente á devolución e o trimestre a que corresponde.»

Dous. O número 9 do artigo 6 queda redactado da seguinte forma:

«9. Cando as devolucions recollidas nos artigos 7 a 10 e 109 a 112 deste regulamento se refiran a produtos comprendidos no ámbito obxectivo do imposto sobre hidrocarburos compostos en parte por un biocarburente ao cal fose de aplicación a exención prevista no artigo 51.3 da lei, a devolución só afectará a cota efectivamente soportada polo produto.

Para estes efectos, o contido en biocarburente do produto determinarase, cando non sexa posible facelo documentalmente, a través da correspondente análise química realizada polos laboratorios de alfándega e impostos especiais, de acordo co procedemento previsto na súa normativa reguladora. Para estes efectos, a realización dos envíos que dean lugar ás devolucions previstas nos artigos 8, 9, 10 e 110 deberá ser comunicada previamente aos servizos da Administración tributaria.»

Tres. Os números 2 e 3 do artigo 15 quedan redactados da seguinte forma:

«2. Sempre que se poñan de manifesto diferenzas como consecuencia de recontos efectuados tanto polo depositario autorizado como pola Administración, procederase á regularización da contabilidade practicando o asentado oportuno.

3. Cando as diferenzas que excedan as admisibles resulten en recontos efectuados pola Administración, se a diferenza for en máis, sancionase como unha infracción tributaria grave de índole contable e rexistral, salvo que sexa aplicable algunha sanción especial prevista expresamente. Se a diferenza for en menos, practicarase a correspondente liquidación e sancionase como infracción tributaria grave.»

Catro. Modifícase o número 6 e engádese un número 7 no artigo 18, que quedan redactados da seguinte forma:

«6. En relación cos produtos suxeitos a tipo impositivo autonómico no imposto sobre hidrocarburos, a consignación do tipo autonómico aplicado deberá constar expresamente, en todo caso, no documento emitido por parte dos obrigados a repercutir, incluso aínda que os ditos obrigados tivesen autorizadas fórmulas de simplificación de acordo co disposto nos números anteriores.

7. Nas subministracións de gas natural efectuadas nos termos do artigo 108 deste regulamento, os suxeitos pasivos que repercutisen o importe das cotas devindicadas en función dunha porcentaxe provisional comunicada polos titulares

de centrais de coxeración de electricidade e enerxía térmica útil deberán regularizar o importe das cotas repercutidas conforme a porcentaxe definitiva de destino do gas natural, unha vez coñecida, mediante o procedemento que se establece neste regulamento.»

Cinco. A letra d) do número 2 do artigo 22 queda redactada da seguinte forma:

«d) Cando se trate de produtos relacionados na tarifa 2.<sup>a</sup> do número 1 do artigo 50 da lei aos cales se aplique a exención prevista no número 1 do artigo 51 da dita lei.»

Seis. Engádesse o número 5 ao artigo 24, que queda redactado da seguinte forma:

«5. No suposto de envíos de produtos, desde o ámbito territorial comunitario non interno con destino ao ámbito territorial interno, polo procedemento de vendas a distancia, fará as veces de albará de circulación o exemplar da autorización de recepción a que se refire o artigo 33 deste regulamento, nos termos establecidos no artigo 39.4 ou, no seu defecto, un documento comercial que expedirá o vendedor e no cal se consignarán os datos sinalados no segundo parágrafo do número 2.»

Sete. O terceiro parágrafo da letra a) do número 2 do artigo 26 queda redactado da seguinte forma:

«Cando unha normativa non fiscal non permita a colocación das precintas sobre os tapóns ou peches, ou en casos excepcionais debidamente xustificadas, a oficina xestora poderá autorizar a súa colocación noutro lugar visible do envase.»

Oito. O segundo parágrafo do número 3 do artigo 27 queda redactado da seguinte forma:

«Non obstante, se o expedidor emite documentos de circulación por procedementos informáticos, a relación recapitulativa de notas de entrega que documentaron as subministracións a tipo reducido, a que se refire o parágrafo anterior, poderase presentar polos mesmos medios.»

Nove. O número 1 do artigo 28 queda redactado da seguinte forma:

«1. Considéranse datos esenciais dos documentos de circulación os seguintes:

1.º Os datos relativos á cantidade, clase, natureza ou descrición da mercadoría transportada. Esta consideración enténdese sen prexuízo do disposto nos artigos 16, 17, 24, 38 e 52 deste regulamento.

2.º Os datos necesarios para a correcta identificación do expedidor, destinatario ou produtos, incluído o número de documento de circulación.

3.º No caso de precintas de circulación, a súa numeración ou capacidade e a súa correspondencia cos recipientes sobre os que estean colocadas.

4.º Os datos relativos á data e hora do inicio da expedición.»

Dez. A letra b) do número 1 do artigo 30 queda redactada da seguinte forma:

«b) Comunique a indispoñibilidade á oficina xestora correspondente ao expedidor, antes do inicio da circulación, por calquera medio que permita ter constancia da recepción da comunicación, e informar dos motivos e da duración prevista, se se coñece, da dita indispoñibilidade. Non obstante, para estes efectos, na circulación con orixe e destino no ámbito territorial interno, logo de autorización pola oficina xestora, poderase outorgar o mesmo valor que á comunicación á tenza polo expedidor de rexistros automatizados e auditaes que proben a imposibilidade de ter podido comunicar o borrador de documento administrativo electrónico.»

Once. A letra a) do número 5 do artigo 33 queda redactada da seguinte forma:

«a) A solicitude de autorización de recepción deberase presentar na oficina xestora en cuxo rexistro territorial estea inscrito o representante fiscal do vendedor a distancia e nela deberase facer constar o nome e o número de identificación fiscal, tanto para efectos do IVE como dos impostos especiais, do vendedor a distancia e do seu representante fiscal. O representante fiscal comunicará o nome e número de identificación fiscal de cada un dos adquirentes dos produtos antes da finalización do período de liquidación, con indicación da clase e da cantidade de produtos entregados a cada un deles.»

Doce. O número 2 do artigo 38 queda redactado da seguinte forma:

«2. O cambio de destinatario e, se for o caso, do lugar de entrega, na circulación interna, sen prexuízo do disposto polo número anterior, poderase efectuar, pola totalidade ou por parte da carga, de acordo co procedemento seguinte:

a) Se se trata de operacións con aplicación do imposto ao tipo xeral, bastará con que o expedidor ou o seu representante dilixencie o documento de circulación indicando o novo destinatario ou lugar de destino.

b) Se se trata de operacións ás cales se aplicou un tipo reducido amparadas nun documento administrativo electrónico, o expedidor formalizará a correspondente mensaxe electrónica de cambio de destino. Cando a mensaxe electrónica de cambio de destino non se poida formalizar por causas non imputables ao expedidor e sen prexuízo da posterior mensaxe electrónica, a circulación poderá quedar amparada até o momento en que o expedidor estea en condicións de formalizar a dita mensaxe mediante o dilixenciado polo expedidor ou polo seu representante do documento de circulación que debe mencionar de forma claramente identificable o ARC, indicando o novo destinatario ou lugar de destino, así como o seu número de identificación fiscal e o seu CAE, se é o caso. O expedidor deberase asegurar de que o produto con aplicación do tipo reducido se pode entregar ao novo destinatario ou no novo lugar de entrega, de conformidade co establecido neste regulamento.

c) Se se trata de operacións en réxime suspensivo ou que se benefician da aplicación dalgún dos supostos de exención amparadas nun documento administrativo electrónico, o expedidor formalizará a correspondente mensaxe electrónica de cambio de destino. Cando a mensaxe electrónica de cambio de destino non se poida formalizar por causas non imputables ao expedidor e sen prexuízo da posterior mensaxe electrónica, a circulación poderá quedar amparada até o momento en que o expedidor estea en condicións de formalizar a dita mensaxe mediante autorización da oficina xestora do expedidor ou da oficina xestora correspondente ao lugar onde se encontran os produtos cando se decide o cambio ou do servizo de intervención do establecemento a onde ían orixinariamente consignados os produtos. A identificación e data da autorización deberanse reflectir no documento de circulación que debe mencionar de forma claramente identificable o ARC.»

Trece. Os números 8 e 10 do artigo 39 quedan redactados da seguinte forma:

«8. As perdas acaecidas respecto dos produtos recibidos en almacéns fiscais ao abeiro dunha exención ou con aplicación dun tipo reducido non precisarán ser xustificadas cando non excedan as porcentaxes regulamentarias establecidas para o almacenamento do produto de que se trate e fosen debidamente contabilizadas.»

«10. Sen prexuízo do previsto no número 8 do artigo 8 da lei, cando non se acredite que os produtos se encontran nalgunha das situacións previstas no número 1 anterior, procederase á inmovilización dos produtos. Para estes efectos seguirase o procedemento do número 6 do artigo 34 deste regulamento para os supostos de inmovilización na circulación non amparada polo documento regulamentario.»



Catorce. Modifícanse o punto 1 e a letra b) do número 2, e engádesse un parágrafo ao número 4 do artigo 40, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. Os titulares de fábricas, depósitos fiscais e almacéns fiscais, os destinatarios rexistrados respecto dos correspondentes depósitos de recepción, os expedidores rexistrados, os que teñan a condición de suxeitos pasivos, en calidade de substitutos do contribuínte, de acordo co previsto no artigo 8.3 da lei, os reexpedidores, aqueles retallistas, usuarios e consumidores finais que se determinan neste regulamento e as empresas que realicen vendas a distancia estarán obrigados, en relación cos produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación, a se inscribiren no rexistro territorial da oficina xestora en cuxa demarcación se instale o correspondente establecemento ou, se for o caso, onde radique o correspondente domicilio fiscal. Cando o establecemento se estenda polo ámbito territorial de máis dunha oficina xestora, a inscrición deberase efectuar na oficina xestora en cuxo ámbito territorial estea situado o centro de xestión e control do dito establecemento.»

«2. Con carácter xeral, as persoas ou entidades que resulten obrigadas a se inscribiren no rexistro territorial deberán figurar de alta no Censo de empresarios, profesionais e retedores na epígrafe correspondente á actividade que se vai desenvolver, así como estar ao día, xunto cos seus administradores, incluídos os de feito, no cumprimento das súas obrigacións tributarias, e presentarán ante a oficina xestora que corresponda unha solicitude a que xuntarán a seguinte documentación:

(...)

b) A clase de establecemento e o lugar en que se encuentre situado, con expresión do seu enderezo e localidade, ou, se for o caso, que se trata dun expedidor rexistrado, un representante fiscal ou un subministrador de gas natural que teña a condición de suxeito pasivo de acordo co previsto no número 3 do artigo 8 da lei.

(...).»

«4. Os expedidores rexistrados deberanse inscribir no rexistro territorial da oficina xestora correspondente ao seu domicilio fiscal e deberán presentar a documentación a que se refiren os parágrafos a), c) e g) do número 2 anterior.

Os que realicen subministracións de gas natural e teñan a condición de suxeitos pasivos de acordo co previsto no número 3 do artigo 8 da lei deberanse inscribir no rexistro territorial da oficina xestora correspondente ao seu domicilio fiscal e deberán presentar a documentación a que se refiren os parágrafos a), c) e f) do número 2 anterior.»

Quince. A letra c) do número 3, o número 9, o número 10 e a letra a) do número 11 do artigo 43 quedan redactados da seguinte forma:

«c) Importe mínimo por cada depósito fiscal:

1.º Depósitos fiscais de hidrocarburos, excepto os de gas licuado de petróleo (GLP), de gas natural, os que se dediquen exclusivamente á distribución de biocombustibles e os que se dediquen exclusivamente á distribución de produtos comprendidos na tarifa 2.ª do imposto sobre hidrocarburos: 450.000 euros.

2.º Depósitos fiscais de extractos e concentrados alcohólicos exclusivamente e depósitos fiscais que se dediquen exclusivamente á distribución de produtos comprendidos na tarifa 2.ª do imposto sobre hidrocarburos acondicionados para a súa venda ao retalho en envases de capacidade non superior a 25 litros: 6.000 euros.

3.º Depósitos fiscais de cervexa: 10.000 euros.

4.º Depósitos fiscais de produtos intermedios: 15.000 euros.

5.º Depósitos fiscais de cervexa conxuntamente con viño e outras bebidas fermentadas: 10.000 euros.

6.º Depósitos fiscais de produtos intermedios conxuntamente con outras bebidas alcohólicas, excepto as derivadas: 15.000 euros.

7.º Depósitos fiscais de GLP: 15.000 euros.

8.º Os demais depósitos fiscais: 60.000 euros.

9.º Os importes mínimos indicados non serán exixibles cando o depósito se dedique ao almacenamento exclusivo de viño e bebidas fermentadas.»

«9. Expedidores rexistrados de produtos con destino ao ámbito territorial interno:

Nos supostos de importación de produtos obxecto de impostos especiais en réxime suspensivo ou con aplicación dun suposto de exención ou dun tipo impositivo reducido, o expedidor rexistrado estará obrigado á prestación dunha garantía que cubra o importe das cotas que corresponderían aos produtos importados, se non for aplicable ningún beneficio fiscal, até que se produza a recepción dos produtos no establecemento a que se destinan.

Para a determinación da garantía tomaranse en consideración os tipos impositivos vixentes no ámbito territorial interno no momento da expedición.

O expedidor rexistrado poderá optar por prestar algunha das seguintes garantías:

a) Individual. Prestarase ante a alfándega de importación e o seu importe será o equivalente ao 100 por 100 da cota de impostos especiais correspondente ao produto expedido, no caso de importacións en réxime suspensivo ou con aplicación dun suposto de exención, ou da cota de impostos especiais calculada aplicando a diferenza de tipos impositivos, no caso de produtos importados con aplicación dun tipo impositivo reducido.

b) Global. Prestarase na oficina xestora en cuxo rexistro territorial se encontre inscrito o expedidor rexistrado. A garantía que se vai constituír, por un importe equivalente ao 2,5 por 100 das cotas de impostos especiais correspondentes ás expedicións do ano anterior, terá un importe mínimo de 60.000 euros, coas seguintes excepcións:

1. Gas natural e do gas licuado do petróleo: 30.000 euros.
2. Extractos e concentrados alcohólicos: 6.000 euros.
3. Produtos intermedios e cervexa: 6.000 euros, salvo que os envíos non superen os 100.000 litros anuais no caso dos produtos intermedios e os 200.000 litros no caso da cervexa. Nestes casos, o importe mínimo será de 1.500 euros.

No caso de garantías globais, se a cota de impostos especiais correspondente a unha única expedición, calculada da forma sinalada na letra a), tivese un importe superior ao importe da garantía constituída, o expedidor rexistrado estaría obrigado a constituír unha garantía complementaria pola diferenza. Esta garantía sería cancelada unha vez que se acreditase a recepción de conformidade dos produtos no establecemento de destino.

Non se exixirá garantía ningunha no caso de expedidores rexistrados que o sexan só de viño e bebidas fermentadas.

Se a importación se efectúa para introducir os bens nun establecemento cuxo titular presta garantía conforme o disposto neste regulamento, tal garantía poderá producir os efectos da recollida no primeiro parágrafo deste número 9, sempre que nela conste expresamente que cobre as incidencias que puidesen acaecer na circulación dos bens desde a alfándega de importación até o establecemento en cuestión.

No caso de que un expedidor rexistrado sexa titular dunha fábrica ou un depósito fiscal ou dun almacén fiscal, a garantía que teña constituída segundo o disposto nos números 2, 3 ao 4 deste artigo poderá producir os efectos da recollida no primeiro parágrafo deste número 9, nas condicións sinaladas no parágrafo anterior.



10. Expedidores rexistrados de produtos con destino ao ámbito territorial comunitario non interno:

Nos supostos de importación de produtos obxecto de impostos especiais en réxime suspensivo a un destino autorizado no ámbito territorial comunitario non interno, o expedidor rexistrado estará obrigado á prestación dunha garantía que cubra o importe das cotas que corresponderían aos produtos importados até que se produza a recepción dos produtos no establecemento a que se destinan ou até que se certifique que os produtos abandonaron o territorio da Comunidade.

Para a determinación da garantía tomaranse en consideración os tipos impositivos vixentes no ámbito territorial interno no momento da expedición.

A garantía que, para estes supostos, debe prestar o expedidor rexistrado terá os mesmos importes que os que derivan do cálculo establecido no número anterior para os envíos desde o lugar de importación a un destino no ámbito territorial interno, coa excepción do suposto recollido no parágrafo seguinte.

Os expedidores rexistrados que o sexan só de viño e bebidas fermentadas e dos produtos da tarifa 2.<sup>a</sup> do imposto sobre hidrocarburos deberán prestar unha garantía por un importe de 3.000 euros.

No caso de que un expedidor rexistrado sexa titular dunha fábrica ou dun depósito fiscal, a garantía que teña constituída segundo o disposto no número 11 deste artigo poderá producir os efectos da recollida no primeiro parágrafo deste número 10, sempre que nela conste expresamente que cobre as incidencias que puidesen acaecer na circulación dos bens desde a alfándega de importación até o establecemento en cuestión.

11. Depositarios autorizados expedidores de produtos en réxime suspensivo con destino ao ámbito territorial comunitario non interno:

a) Os depositarios autorizados deberán prestar unha garantía global cuxa base e importe será o seguinte:

1.º Base da garantía: o importe das cotas que corresponderían aos seus envíos intracomunitarios durante o ano anterior, calculadas aplicando os tipos impositivos vixentes no ámbito territorial interno, salvo no caso de expedidores de viño e bebidas fermentadas, gas natural e produtos da tarifa 2.<sup>a</sup> do imposto sobre hidrocarburos, en que a base da garantía estará constituída polo valor dos seus envíos durante o ano anterior.

2.º Importe da garantía: 2,5 por 100 das cotas sinaladas na letra anterior, salvo no caso de depositarios autorizados de hidrocarburos que os expidan por vía marítima ou fluvial ou por canalizacións fixas e no caso de expedidores de viño e bebidas fermentadas, en que a garantía que se vai prestar será por un importe do 1 por 1000, e no caso do gas natural e produtos da tarifa 2.<sup>a</sup> do imposto sobre hidrocarburos, en que o importe da garantía quedará fixado no 1 por 100 do valor dos envíos durante o ano anterior.

3.º Importe mínimo: 60.000 euros, coas seguintes excepcións:

- Gas natural e gas licuado de petróleo: 30.000 euros.
- Extractos e concentrados alcohólicos: 6.000 euros.
- Produtos intermedios e cervexa: 6.000 euros, salvo que os envíos non superen os 100.000 litros anuais no caso dos produtos intermedios e os 200.000 litros no caso da cervexa. Nestes casos, o importe mínimo será de 1.500 euros.
- Viño e bebidas fermentadas e produtos non sensibles da tarifa 2.<sup>a</sup> do imposto sobre hidrocarburos: 1.000 euros.»

Dezaseis. Os números 1, 2 e 5 do artigo 50 quedan redactados da seguinte forma:

«1. Con independencia das obrigacións contables establecidas polas normas mercantís e outras normas fiscais, os titulares dos establecementos afectados pola

normativa dos impostos especiais deberán levar unha contabilidade dos produtos obxecto dos ditos impostos e, se for o caso, das materias primas necesarias para obtelos, así como das marcas fiscais, conforme o establecido neste regulamento. Esta contabilidade deberá reflectir os procesos, movementos e existencias que afecten tales produtos e materias, incluídas as diferenzas que se poñan de manifesto tanto nos recontos que se efectúen como con ocasión da circulación dos indicados produtos. A referida contabilidade levarase de acordo coas seguintes regras:

a) Sen prexuízo do establecido nos artigos 66 e 133, no caso de fábricas, depósitos fiscais, depósitos de recepción, almacéns fiscais e fábricas de vinagre, a obrigaón anterior cumprírase mediante un sistema contable en soporte informático, que deberá cumprir as exixencias e necesidades regulamentarias. Non obstante o anterior, a oficina xestora poderá autorizar, por solicitude dos interesados, que os elaboradores de viño e bebidas fermentadas, cuxo volume de produción anual, computando a de todos os establecementos de que sexan titulares, non sexa superior a 100.000 litros, e os destiladores artesanais poidan cumprir a obrigaón mediante a utilización de libros foliados en soporte papel.

b) Os quen non estean obrigados, de acordo co disposto na letra anterior, á xestión dun sistema contable en soporte informático, poderán optar pola xestión dunha contabilidade en soporte informático ou mediante libros en soporte papel.

c) A oficina xestora, logo do informe, se for o caso, dos servizos de intervención, autorizará o sistema contable informático do establecemento, así como, se for o caso, os libros de contabilidade de existencias en soporte papel. Cando se trate dun sistema contable de varios establecementos dos cales sexa titular unha mesma persoa ou entidade, esta poderá solicitar á oficina xestora a autorización dun único sistema contable válido para todos os establecementos de que sexa titular.

2. A contabilidade de existencias, en soporte papel, deberá formalizarse mediante libros foliados que, con carácter previo á realización de calquera apuntamento, deberán ser presentados ante a oficina xestora correspondente ao establecemento para a súa habilitación.

Os libros de contabilidade mediante soporte informático a que se refire o número 1.a) deste artigo deberán ser presentados ante a oficina xestora por vía telemática nos seguintes casos e prazos:

a) Se se trata de fábricas, depósitos fiscais e depósitos de recepción, dentro do mes seguinte á finalización de cada período de liquidación.

b) Nos demais casos, dentro do mes seguinte á finalización de cada trimestre.

Os libros presentados por vía telemática deberán axustar aos requisitos de formato que estableza o ministro de Facenda e Administracións Públicas.»

«5. Os expedidores de documentos de circulación levarán un rexistro de documentos expedidos en que conste o número e clase do documento, a data de expedición, o destinatario e a clase e cantidade de produtos saídos do establecemento. Este rexistro pódese integrar na contabilidade de existencias. Cando se trate de documentos administrativos electrónicos, anotarase no dito rexistro a referencia á recepción polo destinatario, precisando se a recepción foi conforme ou existen incidencias, no prazo das 24 horas seguintes á confirmación da recepción.

Cando o rexistro a que se refire este número non se integre na contabilidade de existencias, a súa xestión estará sometida ás mesmas normas e exixencias que o resto dos libros contables.»

Dezasete. O número 4 do artigo 52 queda redactado da seguinte forma:

«4. Cando as diferenzas en máis respecto do consignado en sistemas contables, documentos de circulación ou outros documentos se poñan de manifesto

fóra de fábricas ou depósitos fiscais, os que posúan, utilicen, comercialicen ou transporten os produtos que representan o exceso estarán obrigados ao pagamento da débeda tributaria correspondente ao exceso nos termos previstos no número 8 do artigo 8 da lei».

Dezaioito. Derrógase o número 7 do artigo 88.

Dezanove. O número 6 do artigo 102 queda redactado da seguinte forma:

«6. Os subministradores dos hidrocarburos deberán presentar polos medios e procedementos electrónicos, informáticos ou telemáticos que determine o ministro de Facenda e Administracións Públicas, nun prazo que finaliza o día 20 do mes seguinte á terminación de cada trimestre, a información relativa a cada unha das subministracións efectuadas durante o trimestre con exención do imposto sobre hidrocarburos.»

Vinte. O número 1 do artigo 103 queda redactado da seguinte forma:

«1. A aplicación das exencións establecidas nas letras d), e) e g) do número 2 e no número 4 do artigo 51 da lei deberá ser solicitada previamente da oficina xestora polo titular das centrais de produción eléctrica ou das centrais combinadas de coxeración de electricidade e enerxía térmica útil, das empresas ferroviarias, dos centros de construción e mantemento de buques e aeronaves ou dos altos fornos.»

Vinte e un. O número 3 do artigo 106 queda redactado da seguinte forma:

«3. Retallistas.

a) Os retallistas que desexen comercializar gasóleo bonificado deberanse inscribir no rexistro territorial da oficina xestora correspondente á instalación de venda ao retallo desde a que pretenden efectuar tal comercialización.

b) A condición de retallista autorizado para a recepción de gasóleo bonificado acreditarase mediante a correspondente tarxeta de inscrición no rexistro territorial.

c) A subministración de gasóleo bonificado efectuado por un retallista a un consumidor final autorizado estará condicionada a que o pagamento se efectúe mediante a utilización das tarxetas-gasóleo bonificado ou cheques-gasóleo bonificado a que se refire o artigo seguinte.

Sen prexuízo do anterior e do establecido no artigo 107 deste regulamento, cando o retallista sexa unha cooperativa agroalimentaria e o consumidor final sexa socio dela, a oficina xestora poderá autorizar que a subministración do gasóleo bonificado se poida realizar con condicións particulares de utilización da tarxeta-gasóleo bonificado ou do cheque-gasóleo bonificado.

d) Os retallistas deberán levar un rexistro do gasóleo recibido con aplicación do tipo reducido e dos aboamentos efectuados nas súas contas bancarias polas vendas efectuadas mediante tarxetas-gasóleo bonificado ou polo ingreso de cheques-gasóleo bonificado, como medio para xustificar o destino dado ao dito produto. Este rexistro deberá ser habilitado pola oficina xestora de acordo co establecido no artigo 50 deste regulamento. Os asentos de cargo xustificaranse cos ARC dos correspondentes documentos administrativos electrónicos e deberanse efectuar dentro das vinte e catro horas seguintes á recepción do gasóleo. Os asentos de data, que se deberán efectuar diariamente con indicación da lectura que dea o contador do surtidor de gasóleo, xustificaranse cos extractos periódicos de aboamento remitidos polas entidades emisoras das tarxetas-gasóleo bonificado e cos extractos periódicos das contas de aboamento recibidos das entidades de crédito. Tanto os rexistros como a documentación xustificativa dos asentos efectuados estarán á disposición da inspección dos tributos durante un período de catro anos.»

Vinte e dous. Modifícanse os números 3 e 4, e engádense os números 5 e 6 no artigo 108, que quedan redactados da seguinte forma:

«3. Non obstante o establecido nos números anteriores, cando se trate de almacéns fiscais ou establecementos retallistas desde os que se efectúen vendas de gas natural con aplicación de calquera dos tipos impositivos establecidos nas epígrafes 1.9, 1.10.1 á 1.10.2, observarse, sen prexuízo do establecido no artigo 13, o seguinte:

O almacén fiscal ou establecemento retallista deberá ser inscrito polo seu titular no rexistro territorial da oficina xestora. Este titular deberá levar un rexistro do gas natural recibido no establecemento, en que constarán as entregas que efectúe daquel, separando as realizadas con aplicación de calquera dos tipos impositivos aplicables. Tanto o rexistro como a documentación xustificativa dos asentos efectuados estarán á disposición da inspección dos tributos durante o período de prescrición do imposto.

4. Para que os suxeitos pasivos poidan aplicar o tipo impositivo establecido na epígrafe 1.10.2, os consumidores finais estarán obrigados a comunicar aos que realicen as subministracións de gas natural a título oneroso no suposto previsto no parágrafo primeiro do número 14 do artigo 7 da lei ou, se for o caso, aos titulares de fábricas, depósitos fiscais ou almacéns fiscais a través de cuxas instalacións se efectúe a subministración, con anterioridade a que esta se produza, o uso con fins profesionais do gas natural. Unha copia desta comunicación deberá ser tamén enviada polos consumidores finais á oficina xestora correspondente ao domicilio onde estea situada a instalación en que se consuma o gas natural.

Calquera modificación do destino do gas natural que supoña un cambio do tipo impositivo deberá ser obxecto de comunicación baixo exclusiva responsabilidade dos consumidores finais.

Mentres non teña lugar unha nova comunicación, tomarase en consideración a información contida na comunicación inicial.

5. Nas subministracións de gas natural destinado a ser utilizado nunha central de coxeración de enerxía eléctrica e enerxía térmica útil, suxeita ao requisito de acreditación do cumprimento do rendemento eléctrico equivalente a que se refire a normativa de aplicación da Lei do sector eléctrico, ou naquelas en que o dito rendemento fose debidamente auditado, aplicaranse os tipos impositivos regulados nas epígrafes 1.10.1 e 1.10.2 do número 1 do artigo 50 da Lei en función da porcentaxe de gas natural que corresponda imputar á produción de electricidade medida en bornes de alternador e á obtención de enerxía térmica útil e sempre que o aproveitamento final desta se produza en establecementos industriais, conforme o procedemento que se establece a continuación.

Para que os suxeitos pasivos poidan aplicar o tipo impositivo establecido na epígrafe 1.10.2 do artigo 50.1 da lei, os titulares das centrais estarán obrigados a comunicarlles, ademais do establecido no número 4 deste artigo, a porcentaxe provisional que hai que aplicar sobre a cantidade subministrada de gas natural que se vai utilizar na xeración de electricidade e na produción de enerxía térmica útil. Os suxeitos pasivos deberán conservar as ditas comunicacións debidamente asinadas.

Para os efectos do establecido no parágrafo anterior, a porcentaxe provisional aplicable cada ano natural será a fixada como definitiva para o ano precedente e determinada en función do valor do rendemento eléctrico equivalente achegado á Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia ou do valor auditado debidamente e dos consumos de gas natural realizados durante ese ano.

No suposto de que a subministración de gas natural se realice a unha central de coxeración cunha planta industrial asociada e cuxo punto de subministración fose único, o suxeito pasivo poderá aplicar o tipo impositivo establecido na epígrafe 1.10.2, tanto á cantidade de gas natural que se deba imputar á produción de enerxía térmica útil como á destinada directamente á planta industrial sempre que o titular da central de coxeración inclúa na declaración escrita a información

relativa á porcentaxe que corresponde aos ditos usos, nos termos que se indican nos parágrafos anteriores.

Non obstante, cando por circunstancias sobrevidas ou extraordinarias o titular da central de coxeración xustifique que a aplicación da porcentaxe definitiva do ano anterior en función da cal se lle vai efectuar a repercusión dos tipos impositivos do gas natural difire en gran medida da que efectivamente correspondería ao ano que estea en curso, poderá comunicar outro dato ao suxeito pasivo logo de autorización da oficina xestora.

Os titulares de centrais de coxeración de electricidade e enerxía térmica útil presentarán dentro do primeiro cuadrimestre natural de cada ano, polos medios que determine o ministro de Facenda e Administracións Públicas mediante orde ministerial, todos os datos necesarios para a determinación da cantidade de gas natural que corresponde imputar á xeración de electricidade medida en bornes de alternador e á produción de enerxía térmica útil.

6. Os suxeitos pasivos deberán efectuar a rectificación das cotas impositivas repercutidas cando o seu importe, determinado en función da porcentaxe provisional comunicada polo titular da central, non coincida co importe das cotas que se puidesen repercutir conforme a porcentaxe ou cantidade definitiva utilizada.

Para estes efectos, nos catro primeiros meses de cada ano natural os titulares das centrais de coxeración deberán comunicar aos suxeitos pasivos a porcentaxe definitiva de gas natural suxeita a cada un dos tipos establecidos nas epígrafes 1.10.1 e 1.10.2 do número 1 do artigo 50. Se no prazo dos catro meses non se comunican aos suxeitos pasivos novos datos, considerarase que non se produciu variación ningunha respecto das porcentaxes que hai que aplicar sobre a cantidade subministrada de gas natural que se vai utilizar na xeración de electricidade e na produción de enerxía térmica útil.

A rectificación deberana efectuar os suxeitos pasivos unha vez que lles sexa comunicada a porcentaxe definitiva, e a regularización da situación tributaria efectuarase na autoliquidación correspondente ao período en que se debe efectuar a dita rectificación.»

Vinte e tres. O artigo 108 bis queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 108 bis. *Produtos a que se refiren as letras f) e g) do artigo 46.1 da lei.*

1. As normas contidas neste regulamento e na súa normativa de desenvolvemento relativas á repercusión, contabilidade de existencias, circulación e inclusión separada nas preceptivas declaracións e declaracións liquidacións só serán de aplicación en relación cos biocombustibles e biocarburantes en canto estes permanezan sen mesturar con combustibles ou carburantes convencionais, ou cando, encontrándose mesturados con estes, o tipo impositivo estatal aplicable sexa distinto para uns e outros produtos.

Unha vez mesturados os biocombustibles ou biocarburantes con combustibles ou carburantes convencionais, e sempre que o tipo impositivo estatal sexa idéntico para ambos os tipos de produto, a mestura terá, para efectos fiscais, a consideración do produto cuxo código NC lle corresponda.

2. Cando o biocarburante sexa alcohol etílico, deberá ter a condición de alcohol parcialmente desnaturado conforme o procedemento e desnaturante aprobados previamente pola oficina xestora. Mentres non sexa sometido a unha transformación química que altere a súa composición, ou mentres non sexa mesturado con carburantes convencionais nunha proporción de alcohol etílico igual ou inferior a un 95 por 100 en volume, rexerán respecto del as disposicións da lei e deste regulamento relativas ao imposto sobre o alcohol e bebidas derivadas que resulten aplicables.

3. A oficina xestora poderá autorizar, cando existan razóns económicas que o aconsellen e coas condicións particulares que en cada caso se establezan con motivo



da autorización, que as operacións de mestura en réxime suspensivo dun carburante convencional destinado a un depósito fiscal para mesturarse neste cun biocombustible se poidan realizar no buque que transporta o referido carburante convencional. O outorgamento de tal autorización estará condicionado a que a operación se leve a cabo mentres o buque estea atracado no porto en que radique o depósito fiscal.

4. Considerarase que os produtos a que fan referencia as letras f) e g) do artigo 46.1 da lei se destinan a un uso como carburante ou combustible no momento en que se produza a súa primeira entrada nun establecemento autorizado a fabricar ou almacenar produtos destinados a tales usos. En todo caso, terán esa consideración eses mesmos produtos cando se mesturen cun carburante ou combustible convencional, mestura que só se poderá realizar nunha fábrica ou nun depósito fiscal de hidrocarburos.

As persoas ou entidades que envíen desde o ámbito territorial interno estes produtos aos establecementos que determinan, conforme o disposto no parágrafo anterior, a súa inclusión no ámbito obxectivo do imposto deberanse inscribir nas oficinas xestoras en cuxa demarcación se encontre o establecemento de envío e remitir un parte trimestral á oficina xestora, exclusivamente polos envíos a que se refire o parágrafo anterior.

Este parte trimestral axustarase ao modelo aprobado pola oficina xestora e presentarase telematicamente dentro dos vinte días naturais seguintes á terminación de cada trimestre, soamente no caso de que houberse envíos efectivos durante este.

En caso de adquisición intracomunitaria ou de importación dos produtos a que se refiren as letras f) e g) do artigo 46.1 da lei, será o adquirente ou importador que os envíe a unha fábrica ou depósito fiscal de hidrocarburos quen estea suxeito ás obrigacións de inscrición e remisión do parte trimestral a que se refire o parágrafo anterior.

En caso de adquisición intracomunitaria ou importación directa destes produtos por unha fábrica ou depósito fiscal non se exixirán ao titular destes establecementos as obrigacións de inscrición e remisión de parte trimestral a que se refire o parágrafo anterior.

O disposto neste número non será de aplicación ao alcohol etílico a que se refire a letra f) do artigo 46. 1 da lei mentres, de conformidade coa lei e este regulamento, se encontre incluído no ámbito obxectivo do imposto sobre o alcohol e bebidas derivadas ou sometido ás regras deste imposto.»

Vinte e catro. Derrógase o artigo 108 ter.

Vinte e cinco. Derrógase o artigo 108 quáter.

Vinte e seis. O número 5 do artigo 109 queda redactado da seguinte forma:

«5. A oficina xestora correspondente ao establecemento onde se utilizaron os produtos tramitará as solicitudes presentadas e disporá, se procede, o pagamento das cotas que hai que devolver. O resultado destas actuacións comunicará á oficina xestora correspondente ao domicilio fiscal do solicitante.»

Vinte e sete. As letras ñ) e o) do número 2 e o número 7 do artigo 116 quedan redactados da seguinte forma:

«ñ) Almacenamentos, sobre as existencias medias do trimestre, de produtos cuxa tributación se produciría aos tipos previstos nas seguintes epígrafes da tarifa 1.<sup>a</sup> do imposto:

Epígrafes 1.1, 1.2.1, 1.2.2 e 1.13: 0,95.

Epígrafes 1.11 e 1.12: 0,55.

Epígrafes 1.3, 1.4, 1.5, 1.14, 1.15, 1.16 e 1.17: 0,35.

Epígrafes 1.6, 1.8, 1.9 e 1.10: 2,05.



o) Carga, transporte e descarga de produtos cuxa tributación se produciría aos tipos previstos nas seguintes epígrafes da tarifa 1.<sup>a</sup> do imposto:

Epígrafes 1.1, 1.2.1, 1.2.2 e 1.13: 1,0.

Epígrafes 1.11 e 1.12: 0,6.

Epígrafes 1.3, 1.4, 1.5, 1.14, 1.15, 1.16 e 1.17: 0,4.

Epígrafes 1.6, 1.8, 1.9 e 1.10: 2,1.»

«7. Corrección contable por gasolinas evaporadas e recuperadas en fábricas e depósitos fiscais.

En concepto de corrección contable, os titulares de fábricas e depósitos fiscais en que estean instalados dispositivos de recuperación de vapores apropiados poderán efectuar, ao final de cada período de liquidación, un asento de cargo no libro de produtos finais comprensivo do 0,16 por cento do volume total de gasolinas sen chumbo, bioetanol e biometanol que saíron da fábrica ou depósito fiscal no indicado período con devindicación do imposto e sen aplicación de exencións. Correlativamente poderán deducir das cotas devindicadas no mesmo período un importe igual ao das cotas correspondentes ao volume dos produtos obxecto do referido asento de cargo. Este importe determinarase aplicando os tipos establecidos nas epígrafes 1.2.1, 1.2.2 e 1.13 da tarifa 1.<sup>a</sup> do imposto en proporción á parte do referido volume que tributase a cada un dos ditos tipos.»

Vinte e oito. Derrógase o número 4 do artigo 128.

Vinte e nove. O número 2 do artigo 129 queda redactado da seguinte forma:

«2. En particular, non serán aplicables en relación co imposto sobre a electricidade os seguintes preceptos contidos no capítulo I do título I deste regulamento:

a) Os números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 8, 11, 13, 14, 15 e 16 do artigo 1.

b) Os artigos 3, 4, 5, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 13 bis, 16, 17 e 43.

c) Os artigos 6 e 14, en canto se refiren á utilización de documentos de circulación.

d) A sección 8.<sup>a</sup>, comprensiva dos artigos 19 a 39.»

Trinta. Engádese un número 3 ao artigo 130, que queda redactado da seguinte forma:

«3. Para a aplicación da exención parcial establecida no número 3 do artigo 64 quinto da lei, os titulares dos establecementos onde se desenvolvan procesos de redución química, electrolíticos, mineralóxicos ou metalúrxicos, presentarán á oficina xestora correspondente ao lugar de localización do establecemento unha solicitude comprensiva da electricidade, expresada en megavatios hora (MWh), que precisan que lles sexa subministrada de forma anual ao abeiro da exención determinada de acordo cunha previsión xustificada de consumo.

Ao escrito de solicitude xuntaráse unha memoria descritiva do destino e consumo previsto da subministración eléctrica para a que se solicita a exención, e un plano a escala do recinto e instalacións do establecemento, así como unha relación das actividades realizadas no dito establecemento distintas da que xera o dereito á exención.

A oficina xestora expedirá, se for o caso, a autorización para a aplicación da exención respecto da subministración de enerxía eléctrica que se considere adecuada ás necesidades de consumo xustificadas.

Cando se produza un aumento sobrevido, debidamente xustificado, das necesidades de consumo en función das cales se expediu a autorización para a aplicación da exención, a oficina xestora poderá ampliar a dita autorización na contía correspondente ao referido aumento.

Unha vez concedida a autorización a que se refire este número, o titular do establecemento solicitará, da oficina xestora correspondente ao lugar onde radique este, a súa inscrición no rexistro territorial de acordo cos datos achegados ao solicitar a autorización. A oficina xestora expedirá a tarxeta de inscrición que se deberá presentar ao subministrador da electricidade.»

Trinta e un. Engádese unha letra c) ao número 1 e modifícase o número 4 do artigo 131, que quedan redactados da seguinte forma:

«c) Os establecementos onde se utilice a electricidade nos procesos a que se refire o número 3 do artigo 64 quinto da lei que se instalen no seu ámbito territorial.»

«4. Non será de aplicación o disposto nos números 2, 4 e 5 do artigo 40. As modificacións a que alude o número 9 do artigo 40 serán comunicadas, en todo caso, á oficina xestora.»

Trinta e dous. O número 2 do artigo 133 queda redactado da seguinte forma:

«2. Non obstante o disposto nos números 1 e 2 do artigo 50, a autorización do sistema contable informático e, se for o caso, dos libros de contabilidade en soporte papel, así como o foliado e habilitado destes últimos, poderase levar a cabo na oficina xestora correspondente ao domicilio fiscal do titular do establecemento de que se trate.»

Trinta e tres. Modifícase a regra 1 do artigo 134, que queda redactada da seguinte forma:

«1. Non obstante o disposto no número 10 do artigo 1 deste regulamento, as perdas no transporte e distribución de enerxía eléctrica determinaranse pola diferenza entre a cantidade de enerxía eléctrica recibida nun depósito fiscal durante un ano natural e a suma dos autoconsumos contabilizados e das saídas de enerxía eléctrica do dito establecemento durante o referido período.»

Trinta e catro. O artigo 135 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 135. *Recoñecemento previo de supostos de non suxeición e de exención*

A aplicación dos supostos de non suxeición a que se refiren os ordinais 9.º) e 10.º) da letra a) do número 1 do artigo 65 da lei e dos supostos de exención a que se refiren as letras a), b), c), d), f), g), h), k) e m) do número 1 do artigo 66 da lei estará condicionada ao seu recoñecemento previo pola Administración tributaria conforme o disposto no presente título. A matriculación definitiva do medio de transporte estará condicionada á acreditación ante o órgano competente en materia de matriculación do referido recoñecemento previo da Administración tributaria.»

Trinta e cinco. A letra b) do número 1 do artigo 137 queda redactada da seguinte forma:

«b) Cando se trate dos medios de transporte a que se refiren as letras a), b), c), g), h), k) e m) do artigo 66 da lei, o recibo corrente do imposto sobre actividades económicas que acredite que o solicitante desempeña a actividade a que se vai afectar o medio de transporte e que xustifica a aplicación da exención.»

Trinta e seis. Engádese o artigo 141, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 141. *Aplicación do tipo impositivo reducido.*

1. Para que os suxeitos pasivos poidan aplicar o tipo impositivo establecido na epígrafe 1.1 do artigo 84 da lei, os consumidores finais estarán obrigados a comunicar aos que realicen a posta a consumo do carbón, con anterioridade a que

este se produza, o uso con fins profesionais do carbón. Unha copia desta comunicación deberá ser tamén enviada polos consumidores finais á oficina xestora correspondente ao domicilio onde estea localizada a instalación en que se consuma o carbón.

Calquera modificación do destino do carbón que supoña un cambio do tipo impositivo deberá ser obxecto de comunicación baixo exclusiva responsabilidade dos consumidores finais.

Mentres non teña lugar unha nova comunicación, tomarase en consideración a información contida na comunicación inicial.

2. Nas subministracións de carbón destinado a ser utilizado nunha central de coxeración de enerxía eléctrica e enerxía térmica útil, suxeita ao requisito de acreditación do cumprimento do rendemento eléctrico equivalente a que se refire a normativa de aplicación da Lei do sector eléctrico, ou naquela en que o dito rendemento fose debidamente auditado aplicaranse os tipos impositivos regulados no artigo 84 da lei en función da porcentaxe de carbón que corresponda imputar á produción de electricidade medida en bornes de alternador e á obtención de enerxía térmica útil e sempre que o aproveitamento final desta se produza en establecementos industriais, conforme o procedemento que se establece a continuación.

Para que os suxeitos pasivos poidan aplicar o tipo impositivo establecido na epígrafe 1.1 do artigo 84.1 da lei, os titulares das centrais estarán obrigados a comunicarlles, ademais do establecido no número 1 deste artigo, a porcentaxe provisional que se vai aplicar sobre a cantidade subministrada de carbón que se vai utilizar na xeración de electricidade e na produción de enerxía térmica útil. Os suxeitos pasivos deberán conservar as ditas comunicacións debidamente asinadas.

Para os efectos do establecido no parágrafo anterior, a porcentaxe provisional aplicable cada ano natural será a fixada como definitiva para o ano precedente e determinada en función do valor do rendemento eléctrico equivalente achegado á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ou do valor auditado debidamente e dos consumos de carbón realizados durante ese ano.

No suposto de que a subministración de carbón se realice a unha central de coxeración cunha planta industrial asociada e cuxo punto de subministración fose único, o suxeito pasivo poderá aplicar o tipo impositivo establecido na epígrafe 1.1, tanto á cantidade de carbón que se deba imputar á produción de enerxía térmica útil como á destinada directamente á planta industrial sempre que o titular da central de coxeración inclúa na declaración escrita a información relativa á porcentaxe que corresponde aos ditos usos, nos termos que se indican nos parágrafos anteriores.

Non obstante, cando por circunstancias sobrevidas ou extraordinarias, o titular da central de coxeración xustifique que a aplicación da porcentaxe definitiva do ano anterior en función da cal se lle vai efectuar a repercusión dos tipos impositivos do carbón difire en gran medida da que efectivamente correspondería ao ano que estea en curso, poderá comunicar outro dato ao suxeito pasivo logo de autorización da oficina xestora.

Os titulares de centrais de coxeración de electricidade e enerxía térmica útil presentarán dentro do primeiro cuadrimestre natural de cada ano, polos medios que determine o ministro de Facenda e Administracións Públicas, todos os datos necesarios para a determinación da cantidade de carbón que corresponde imputar á xeración de electricidade medida en bornes de alternador e á produción de enerxía térmica útil.

3. Os suxeitos pasivos deberán efectuar a rectificación das cotas impositivas repercutidas cando o seu importe, determinado en función da porcentaxe provisional comunicada polo titular da central, non coincida co importe das cotas que se debesen repercutir conforme a porcentaxe ou cantidade definitiva utilizada.

Para estes efectos, nos catro primeiros meses de cada ano natural os titulares das centrais de coxeración deberán comunicar aos suxeitos pasivos a porcentaxe definitiva de carbón suxeita a cada un dos tipos establecidos no número 1 do artigo 84. Se no prazo dos catro meses non se comunican aos suxeitos pasivos novos datos, considerarase que non se produciu variación ningunha respecto das porcentaxes que se van aplicar sobre a cantidade subministrada de carbón que se vai utilizar na xeración de electricidade e na produción de enerxía térmica útil.

A rectificación deberana efectuar os suxeitos pasivos unha vez que lles sexa comunicada a porcentaxe definitiva, e a regularización da situación tributaria efectuarase na autoliquidación correspondente ao período en que se debe efectuar a dita rectificación.»

**Artigo 2.** *Modificación do Real decreto 1715/2012, do 28 de decembro, polo que se modifica o Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo, e se introducen outras disposicións relacionadas co ámbito tributario.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Real decreto 1715/2012, do 28 de decembro, polo que se modifica o Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo, e se introducen outras disposicións relacionadas co ámbito tributario.

Un. A disposición transitoria primeira queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria primeira. *Aplicación do documento administrativo electrónico no ámbito territorial interno.*

1. O disposto nos artigos 29.B) e 31.B) do Regulamento dos impostos especiais e as disposicións que teñan relación cos procedementos de circulación de produtos obxecto dos impostos especiais, con orixe e destino no ámbito territorial interno, en réxime suspensivo ou con aplicación dunha exención ou dun tipo impositivo reducido, a través do EMCS, serán de obrigado cumprimento a partir do 1 de xaneiro de 2014.

2. Non obstante o disposto no número anterior, a partir do 1 de xullo de 2013 e até o 31 de decembro de 2013, a expedición no ámbito territorial interno de produtos obxecto dos impostos especiais poderase realizar voluntariamente ao abeiro do documento administrativo electrónico, conforme o procedemento previsto polos artigos 29.B) e 31.B) do Regulamento dos impostos especiais. Para estes casos, a recepción de produtos cuxa circulación se encontre amparada por un documento administrativo electrónico ultimarase de acordo co procedemento previsto polo artigo 31.B) do Regulamento dos impostos especiais.

3. Até a obrigatoriedade de uso do documento administrativo electrónico no ámbito territorial interno, as referencias feitas no Regulamento dos impostos especiais, antes do 1 de xaneiro de 2013, aos documentos de acompañamento e aos procedementos de circulación con orixe e destino no ámbito territorial interno en réxime suspensivo, ou con aplicación dunha exención ou dun tipo impositivo reducido, entenderanse igualmente susceptibles de aplicación, sen prexuízo do disposto no número anterior.»

Dous. A disposición transitoria segunda queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria segunda. *Controis contables.*

1. Os elaboradores de viño e bebidas fermentadas, cuxo volume de produción anual, computando o de todos os establecementos de que sexan titulares, non sexa superior a 100.000 litros, e os destiladores artesanais que, conforme o disposto no artigo 50 do Regulamento dos impostos especiais, opten por levar de

forma manual a súa contabilidade de existencias, disporán até o 31 de decembro de 2013 para solicitar á oficina xestora a correspondente autorización, así como para a presentación ante a dita oficina dos libros correspondentes para a súa habilitación.

2. Os expedidores rexistrados e os titulares de establecementos que, conforme co disposto no artigo 50 do Regulamento dos impostos especiais, teñan que adaptar a súa contabilidade a unha informatizada de acordo coa normativa de impostos especiais, disporán até o 31 de decembro de 2013 para obter da oficina xestora a autorización do sistema informático contable que pensen utilizar.

3. Os obrigados tributarios a que se refire o número anterior non estarán obrigados ao cumprimento da obrigaón establecida no artigo 50.2 do Regulamento dos impostos especiais, se, téndoa solicitado, non obtivesen a autorización da oficina xestora para a xestión do sistema informático contable que se vaia utilizar.»

**Disposición adicional única.** *Obligacións de información en relación co imposto sobre o valor da produción da enerxía eléctrica.*

1. De acordo co disposto no artigo 93 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da dita lei, que satisfagan importes aos contribuíntes do imposto sobre o valor da produción da enerxía eléctrica en relación coa produción e incorporación ao sistema eléctrico de enerxía eléctrica, medida en barras de central, deberán presentar declaración relativa ás súas operacións con estes contribuíntes.

Non obstante, as persoas ou entidades que consonte a normativa tributaria subscriban convenios coa Administración tributaria para a subministración periódica desta información cumpriran a presente obrigaón de subministración de información nos termos establecidos no correspondente convenio unha vez que este resulte aplicable.

2. Esta declaración comprenderá a seguinte información:

a) Número de identificación fiscal, así como nome e apelidos ou razón social e domicilio fiscal do receptor do pagamento.

b) Importes satisfeitos ou por satisfacer como consecuencia da produción e incorporación ao sistema eléctrico de enerxía eléctrica medida en barras de central, en concepto de pagamentos provisionais ou definitivos por liquidacións referidas ao ano natural anterior.

Os importes consignaranse por cada unha das instalacións en que os contribuíntes do imposto realicen as actividades sinaladas no artigo 4 da Lei 15/2012, do 27 de decembro, de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética, identificándoas de acordo co seu número de Rexistro Administrativo de Instalacións de Produción de Enerxía ou co Código da instalación para efectos de liquidación (CIL), salvo imposibilidade material para o declarante de coñecer as ditas identificacións.

c) Ano de produción e incorporación ao sistema da enerxía eléctrica a que corresponden os importes satisfeitos ou por satisfacer.

3. A declaración presentarase, por vía telemática, durante os vinte primeiros días naturais do mes de decembro seguinte ao ano natural a que correspondan os datos.

4. O ministro de Facenda e Administracións Públicas desenvolverá mediante orde ministerial o establecido nesta disposición adicional única.

**Disposición transitoria primeira.** *Gas natural utilizado nunha planta de coxeración de enerxía eléctrica e enerxía térmica útil.*

A partir da entrada en vigor deste real decreto, procederáse á regularización das cotas soportadas ou satisfeitas do imposto sobre hidrocarburos durante 2013, pola adquisición de gas natural destinado a usos con fins profesionais en instalacións industriais que inclúan unha planta de coxeración, conforme o establecido nos números 5 e 6 do artigo 108 do Regulamento dos impostos especiais.

**Disposición transitoria segunda.** *Carbón utilizado nunha planta de coxeración de enerxía eléctrica e enerxía térmica útil.*

A partir da entrada en vigor deste real decreto, procederase á regularización das cotas soportadas ou satisfeitas do imposto especial sobre o carbón a partir do 14 de xullo de 2013, pola adquisición de carbón destinado a usos con fins profesionais en instalacións industriais que inclúan unha planta de coxeración, conforme o establecido no artigo 141 do Regulamento dos impostos especiais.

**Disposición derradeira primeira.** *Modificación do Real decreto 3485/2000, do 29 de decembro, sobre franquías e exencións en réxime diplomático, consular e de organismos internacionais, e de modificación do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Real decreto 3485/2000, do 29 de decembro, sobre franquías e exencións en réxime diplomático, consular e de organismos internacionais, e de modificación do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro:

Un. Modifícanse os números 3.e) 3.º e 3.f) do artigo 11, que quedan redactados da seguinte forma:

«3.º Cantidad total de cada clase de carburante, expresada en litros ou quilogramos, segundo proceda, adquirida mediante a utilización da tarxeta, até o máximo mensual autorizado, e importe total debido no trimestre.»

«f) O centro xestor acordará, se for o caso, a devolución das cotas polo imposto sobre hidrocarburos correspondentes aos litros ou quilogramos de carburante adquiridos, segundo proceda, sen exceder o máximo autorizado, e ordenará o pagamento do importe que se deba devolver á entidade emisora das tarxetas. Para a determinación da cota que se deba devolver aplicaranse os tipos impositivos que estiveron vixentes durante o trimestre para cada un dos carburantes; se houberse modificación dos tipos, aplicarase o tipo medio ponderado polos días de vixencia de cada un deles. Se a entidade emisora das tarxetas for suxeito pasivo do imposto sobre hidrocarburos, o centro xestor, por petición da entidade, poderá autorizar que a devolución se realice mediante a minoración da cota correspondente ao período impositivo en que se acorde a devolución.»

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación. Non obstante, o disposto no seu artigo 2 aplicarase con efectos desde o 1 de xullo de 2013.

Dado en Madrid o 27 de decembro de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,  
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO